

Universidade de Vigo

Titorial do TRABALLO FIN DE GRAO

*Facultade de CC. da Educación e do Deporte
(Universidade de Vigo)*

Campus da Xunqueira s/n 36005 Pontevedra telf (0034) 986801700

1.- DEFINICIÓN E ÁMBITO DE APLICACIÓN

O TFG é un traballo persoal que cada estudante realiza de maneira autónoma baixo a supervisión dun titor académico. É un proxecto de traballo ou unha contribución orixinal que lle permita mostrar de forma íntegra a adquisición dos contidos formativos e as competencias asociadas ao título.

O TFG oriéntase á aplicación das competencias xerais asociadas aos títulos de grao da Facultade de CC. da Educación e do Deporte. Así, o TFG ten por obxecto o de capacitar para a procura, xestión, organización e interpretación de datos relevantes dunha área de estudo (cultural, educativa, musical, deportiva...), para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica, tecnolóxica ou ética, e que facilite o desenvolvemento dun pensamento e xuízo crítico, lóxico e creativo.

En ningún caso pode ser un traballo presentado con anterioridade polo estudiantado nalgunha materia de calquera titulación, aínda que se poden integrar ou desenvolver traballos feitos en actividades doutras materias da titulación.

O traballo fin de grao é persoal, pero isto non exclúe que para desenvolver unha proposta de envergadura suficiente, poidan participar varios estudantes, cada quen cunha parcela precisa da tarefa global.

O TFG pódese realizar en calquera das linguas oficiais da Comunidade Autónoma Galega. É posible a presentación do TFG noutra lingua estranxeira (portugués, inglés ou francés) previa comunicación ao Vicedecanato de Estudos de Grao, Prácticum e Formación Continua.

Podo presentar o Prácticum como parte do TFG?

Para contextualizar o teu TFG pode ser que teñas que referenciar as prácticas (se a temática é común), pero lembra que é diferente contextualizar un contorno de traballo que volver relatar o que fixeches nas prácticas.

Non teño moi claro a participación grupal se o traballo é individual?

Se aplicamos un exemplo do **ámbito educativo (mestres)**, tres estudantes de grao van facer un traballo de intervención con alumnado escolarizado nos Ancares. Poden coordinarse para acadar fontes documentais comúns para contextualizaren o contorno e a súas características, pero despois a/o **alumna/o X da mención de E.F.** analizará os xogos populares da zona, a/o **alumna/o Y da mención de musical** estudará os instrumentos tradicionais e o **alumno Z da mención de afondamento curricular** avaliará a competencia lingüística dos alumnos destes centros.

Un exemplo aplicado a CAFD, tres alumnos/as poden facer o seu TFG sobre o Salvamento e Socorrismo en Galicia. O alumnado pode traballar conxuntamente na contextualización, pero despois a **alumna X avaliará as manobras de RCP** dos socorristas, o **alumno Y investigará as técnicas máis eficaces** en salvamento acuático e a **alumna Z poderá analizar a transferencia do salvamento deportivo** para o salvamento profesional.

2. - MODALIDADES DE TFG

O TFG supón a realización por parte do estudante dun proxecto, memoria ou estudo orixinal, baixo a supervisión de ao menos un Titor Académico da Facultade e no que se integren e desenvolvan os contidos, as capacidades e habilidades adquiridas no período de docencia de Grao.

A/O alumna/o deberá mostrar de forma integrada os contidos formativos recibidos e as competencias adquiridas no título de Grao. O TFG é unha materia de 6 créditos ECTS nas que o traballo persoal do alumnado cobre a maior parte lectiva.

As modalidades do TFG que poderán realizar o alumnado son algunha das seguintes:

- A. Traballos experimentais ou non experimentais de ámbito científico relacionados con calquera das temáticas propias da titulación de Grao.
- B. Traballos de revisión e investigación bibliográfica centrados nalgún dos diferentes campos da titulación de Grao.
- C. Traballos de revisión, protocolos e obxectos de funcionamento vinculados a algún dos diferentes campos da titulación de Grao.
- D. Traballos de intervención técnica (aplicación práctica) relacionados coa titulación de Grao e que teñan un carácter innovador.
- E. Traballos experimentais ou non, como resultado da experiencia en prácticas externas noutras institucións relacionadas coa titulación de Grao.
- F. Traballos experimentais ou non, como resultado da estadía nunha universidade estranxeira.
- G. Exposición e presentación de modelos de utilidade industrial ou intelectual, patentados ou non, deseñados polo alumno/a e con relación cos contidos da titulación de Grao.

Os ámbitos do TFG son os seguintes, podendo o alumnado desenvolver algunha das súas temáticas:

- A. Grao de Mestre en Educación Infantil.
 - i. Ámbito educativo de 0 a 6
 - ii. Ámbito da mención curricular en Educación Física
 - iii. Ámbito da mención en Afondamento Curricular
 - iv. Ámbito da mención en Educación Especial
- B. Grao de Mestre en Educación Primaria.
 - i. Ámbito educativo de 6 a 12

- ii. Ámbito educativo da mención en Educación Musical
 - iii. Ámbito educativo da mención en Afondamento Curricular
 - iv. Ámbito da mención en idioma estranxeiro
- C. Grao en CC. da Actividade Física e o Deporte
- i. Ámbito da ensinanza en educación física
 - ii. Ámbito do rendemento
 - iii. Ámbito da saúde e o exercicio
 - iv. Ámbito da xestión deportiva e recreación

3.- AUTORIA DO TFG

A titularidade dos dereitos de propiedade intelectual ou industrial do TFG corresponderálle á/ao estudante e á/ao titor/a académico ou co-titores (se os houber), nos termos e coas condicións previstas na lexislación vixente.

4.- A/O TITOR/A ACADÉMICO

O TFG poderá ser dirixido por máis dun Titor Académico. Neste caso, ao menos un deles deberá ser un profesor que imparta docencia no Grao e na Facultade, e que se denominará Titor Académico. As súas funcións será orientar, dinamizar, asesorar e facilitar o proceso de ensino/aprendizaxe. Deberá asesorar o alumnado na elaboración do traballo e preparalo para a súa defensa perante o tribunal.

Cando o TFG se desenvolva noutro Centro Docente (por exemplo outra Universidade) poderá existir a figura de Co-Titor/a, sen necesidade de que sexa PDI do Grao e da Facultade.

A/O Titor/a Académico en ningún caso poderá facer parte do tribunal que avalíe a exposición e defensa do traballo, aínda que poderá ser consultado e teranse en conta as súas suxestións.

Non é labor da/o Titor/a Académico co-realizar ou co-escribir o traballo, nin ten a obriga de asistir o alumno na recollida de datos, traballo de campo ou calquera labor propia do alumnado.

É labor da/o Titor/a Académico asesorar, orientar e revisar a fases do TFG, así como a súa avaliación previa á presentación perante o tribunal.

É obriga do alumnado prestar atención ás datas relevantes e realizar os trámites administrativos derivados das mesmas. O alumnado debe seguir as directrices académicas e formais establecidas pola/o Titor/a Académica/o e o Tribunal de Avaliación do TFG

5.- PASOS PREVIOS AO COMEZO DA ELABORACIÓN DO TFG

É condición indispensable para a defensa do ter superadas todas as materias requiridas para finalizar o Plan de Estudos de Grao.

6.- PARTES DUN TRABALLO FIN DE GRAO

É aconsellable que a estrutura dos TFG se adecúe aos apartados apuntados nas grellas de avaliación aprobadas polo Centro e dispoñibles den de a web. Dado o carácter persoal que teñen as memorias e a multidisciplinariade temática dos graos impartidos na FCED, non se propón ningún esquema pechado de desenvolvemento, sendo cada alumno/a co seu titor ou titores académicos os que deseñen o traballo.

CONTRIBUCIÓN ORIXINAIS DE INVESTIGACIÓN	TRABALLOS DOCUMENTAIS DE REVISIÓN	PROGRAMAS DE INTERVENCIÓN, DESEÑO OU PRESENTACIÓN DE DESEÑOS INDUSTRIAIS OU INTELLECTUAIS ¹
	Portada Índice Lista de táboas, figuras e imaxes Introdución e fundamentación teórica Método Resultados Discusión e conclusións Referencias bibliográficas (estilo APA ou VANCOUVER) Anexos (se os houber)	

7.- GUÍA DE ESTILO E REQUISITOS FORMAIS DO TFG

7.1. Entrega do TFG

A/O titor/a do TFG deber facer un informe de idoneidade na súa secretaría virtual, na que entre outra información, deberá incluír unha cualificación numérica entre 0 e 10 puntos. Sen a elaboración deste informe o alumnado non poderá facer a solicitude de defensa do TFG.

A/O alumna/o presentará nas datas oficiais que se establezan no Calendario Académico da Facultade a seguinte documentación:

- Na súa secretaria virtual:
 - 1 copia en pdf do TFG (que non ocupe máis de 4 mb)
 - No caso de ter unha grande cantidade de anexos que fagan que o pdf ocupe máis de 4mb, o alumnado poderá incluír no apartado de


¹ Nos traballos orientados a programas de intervención deberá facerse énfases no innovador da proposta, podendo non considerarse válida unha proposta que se basee na simple aplicación e análise dunha ou varias unidades didácticas, proxectos, etc...

anexos do seu TFG un enlace no que o tribunal poida si así o desexa consultar os anexos.

- Complimentar a solicitude de defensa do TFG incluíndo título, resumo e palabras chave en 3 idiomas.
- Na secretaria do decanato:
 - o Entregar unha copia impresa da solicitude de defensa.

7.2. Aspectos formais do TFG. Texto e estilo

- **Portada:** Na zona central ou superior deberá poñer "Traballo Fin de Grao" e, xusto embaixo, o título que o alumno/a estime oportuno para o seu traballo. Na parte inferior, centrado, recollerase o nome do alumno/a, titor académico e co-titores, denominación da Facultade, Grao que cursa e o ano de defensa.
- **Texto:**
 - o letra: Times New Roman
 - o tamaño: 12
 - o interliñado: 1.5
 - o marxes: (2,54 superior e inferior, 1,91 esquerda e dereita)-predefinidas polo Word-
- **Texto en táboas:**
 - o pódese optar por unha tipoloxía de fonte máis condensada
 - o tamaño de fonte en táboas: mínimo 9
- **Aliñación:** xustificada de principio a fin (nas táboas non é obrigatorio)
- **Índice e paxinación** obrigatoria e acorde.
- **As notas a pé de páxina** irán no final da propia páxina.



Nº MÍNIMO/MÁXIMO DE PÁXINAS (ANEXOS APARTE): 15-30

Entendendo que coa mínima extensión pódese acadar a máxima calificación.

7.3. Defensa do TFG

Publicaranse alo menos nos taboleiros da Facultade as datas, horarios e tribunais para a exposición e defensa do TFG coa antelación suficiente.

A/O alumna/o debe presentarse na hora indicada e agardar a ser chamado polo secretario/a do tribunal avaliador, debendo aportar un documento identificativo (DNI ou Pasaporte). A/O alumna/o poderá utilizar algún material (por ex. Powerpoint) que for preciso para a exposición.

Para a exposición disporá dun tempo máximo de 15 min. Posteriormente, O tribunal poderá debater co alumno/a os aspectos formais ou de contido do TFG e realizar as preguntas que estime oportunas.

7.4. Tribunal Avaliador

O tribunal constituirase por tres membros, presidenta/e, secretaria/o e vogal. A/O presidente será o profesorado con máis categoría profesional, seguido da/o secretaria/o e finalmente da/o vogal. En caso de ter a mesma categoría, primará a antigüidade. De súa vez, establecerase un listado de suplentes que poderán cubrir as baixas dos membros dos tribunais no día da exposición.

8.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO TFG

Para a avaliación do TFG terase en conta a nota da/o Director/a-Titor/a, a memoria presentada e a defensa do mesmo.

Celebrada a exposición do estudante, o tribunal deliberará sobre a cualificación que lle corresponde ao estudante conforme aos criterios de avaliación publicados na guía docente do TFG.

A /O titor/a e o tribunal disporá de cadansúa rubrica que estarán a disposición na paxina web da facultade.